



Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Presentación

A Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense está localizada no Edificio Xurídico Empresarial do Campus Universitario en pleno centro da cidade.

A oferta educativa para o próximo curso 2020-2021 no Centro é:

Títulos de Grao:

- **GRADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS20-**
- **GRADO EN TURISMO**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + ENXEÑERÍA INFORMÁTICA**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + DEREITO**
- **PROGRAMA CONXUNTO TURISMO + XEOGRAFÍA E HISTORIA**
- **GRAO EN ADE CON RECOÑECEMENTO MUTUO DE ESTUDOS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO E A HOCHSCHULE BREMENERHAVEN (ALEMAÑA)**

Desde o curso 2015-2016, grazas a un acordo de cooperación Inter-Institucional con Hochschule Bremerhaven, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo oferta o **Programa de Dobre Grado Internacional** en Administración e Dirección de Empresas (Business Administration & Management) da **Universidade de Vigo** e Bachelor of Arts in Business Administration en **Hochschule-Bremerhaven**. Ademais, por terceiro ano consecutivo ofértase o programa **ADE INTERNACIONAL** con mais de 60 créditos impartidos en inglés. No curso 2016-2017 iníciase a oferta do programa **TURISMO INTERNACIONAL** con mais de 39 créditos impartidos en inglés.

Con estes acordos e programas a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo aposta pola internacionalización dos estudos e a participación dos estudantes en programas de mobilidade e intercambio, abrindo un abanico a novos horizontes e opcións de futuro.

En canto á oferta de POSGRAOS da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo:

- **MESTRADO OFICIAL EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO**
- **MESTRADO OFICIAL EN XESTION EMPRESARIAL DO DEPORTE**

Para obter máis información visita a nosa páxina web <http://www.fcetou.uvigo.es/>

¡Ven a visitarnos!

Organigrama

EQUIPA DECANAL

Decana

María Montserrat Cruz González
Teléfono: 988 368 800
e-mail: decano.eto@uvigo.es

Secretario

Alberto Vaquero García
Teléfono: 988 368 762
e-mail: secretario.facultade.eto@uvigo.es

Vicedecano de Ordenación Académica

Francisco Tugores Martorell
Teléfono: 988 368 770
e-mail: ftugores@uvigo.es

Vicedecano de Estudos de Grao e Xestión Informática

Javier Sánchez Sellero
Teléfono: 988 368 742
e-mail: javiss@uvigo.es

Vicedecano de Calidade

Juan Manuel de los Rios Sánchez
Teléfono: 988 368 816
e-mail: jmrrios@uvigo.es

Vicedecana de Relacións Internacionais

Elena De Prada Creo
Teléfono: 988 368 726
e-mail: edeprada@uvigo.es

Localización

Edificio Xurídico-Empresarial
Campus Universitario As Lagoas
32004 Ourense

Conserxería: + 34 988 368 700

Secretaría de alumnado: +34 988 368 803; administracion.eto@uvigo.es

Secretaría de Decanato: +34 988 368 800; secretario.eto@uvigo.es

Relacións Internacionais: edeprada@uvigo.es

Información xeral: info.eto@uvigo.es

Fax: + 34 988 368 923

Páxina web: www.fcetou.uvigo.es

Grao en Turismo**Materias****Curso 1**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---------------|--|--------------|-----------|
| 004G240V01101 | Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I | 1c | 6 |
| 004G240V01102 | Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I | 1c | 6 |
| 004G240V01103 | Economía: Introducción á economía | 1c | 6 |
| 004G240V01104 | Xeografía: O turismo no mundo actual | 1c | 6 |
| 004G240V01105 | Socioloxía: Socioloxía do turismo | 1c | 6 |

| | | | |
|---------------|---|----|---|
| O04G240V01201 | Dereito: Lexislación turística | 2c | 9 |
| O04G240V01202 | Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas II | 2c | 6 |
| O04G240V01203 | Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II | 2c | 6 |
| O04G240V01204 | Idioma moderno: Inglés para turismo | 2c | 9 |

DATOS IDENTIFICATIVOS**Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I | | | |
| Código | O04G240V01101 | | | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego Inglés | | | |
| Departamento | Economía financeira e contabilidade | | | |
| Coordinador/a | Rivero Fernández, M ^a Dolores González Sánchez, María Beatriz | | | |
| Profesorado | González Sánchez, María Beatriz Rivero Fernández, M ^a Dolores | | | |
| Correo-e | mrivero@uvigo.es bgonzale@uvigo.es | | | |
| Web | http://mrivero@uvigo.es //// http://bgonzale.webs2.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | Con esta materia preténdese que os estudantes adquiran os coñecementos necesarios para comprender o proceso de elaboración da información contable | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| C7 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto da xestión da información financeira e analítica da empresa turística |
| C13 | Avaliar alternativas de planificación, dirección e control de empresas turísticas, así como saber tomar decisións estratéxicas. |
| D1 | Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos |
| D4 | Iniciativa empresarial |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---------------------------------------|-----|----------|
| Coñecer o funcionamento básico dun sistema contable como instrumento informativo ól servicio do proceso de toma de decisións | A1 A2 A3 A4 A5 | C13 | D1 D4 |
| Coñecer as bases conceptuais da contabilidade como ciencia social, o seu carácter de sistema de información de características especiais, así como o concepto de utilidade da información económico- financeira | A2 A3 A4 | C7 | |
| interpretar a información para a toma de decisions | | C13 | |
| interpretar a informaion economico-financiera das empresas turisticas | | C13 | |

Contidos

| | |
|---|---|
| Tema | |
| TEMA 1. Introducción á contabilidade. | . |
| TEMA 2. A estrutura patrimonial da empresa. | . |
| TEMA 3. Análise conceptual dos compoñentes do balance de situación. | . |

TEMA 4. Análise conceptual dos compoñentes da .
conta de perdas e ganancias.

TEMA 5. A memoria, o estado de cambios no
patrimonio e o fluxo de efectivo.

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Traballo tutelado | 15 | 42 | 57 |
| Seminario | 3 | 0 | 3 |
| Lección maxistral | 28 | 0 | 28 |
| Exame de preguntas obxectivas | 1 | 40 | 41 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 0 | 21 | 21 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------|---|
| Traballo tutelado | Realizaranse diversas actividades relacionadas cos contidos impartidos e obxectivos a alcanzar no estudo desta materia. |
| Seminario | Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Lección maxistral | Nas diferentes sesións que conforman esta metodoloxía, expoñeranse de xeito claro e preciso os contidos da materia que lle permitirán ao alumno a comprensión dos aspectos conceptuais desta. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|---------------------------------|
| Traballo tutelado | Na aula e nas horas de titorías |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|--|---------------|---------------------------------------|-----|----|
| Exame de preguntas obxectivas | Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. | 60 | A2 | C7 | |
| | | | A3 | C13 | |
| | | | A4 | | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O alumno debe realizar unha serie de exercicios nun tempo e condicións establecido/as polo profesor. | 40 | A1 | C7 | D1 |
| | | | A2 | C13 | D4 |
| | | | A3 | | |
| | | | A4 | | |
| | | | A5 | | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación continua consta de dúas probas escritas que se farán o longo do cuatrimestre. Para superar estas probas e necesario alcanzar en cada una de ellas una puntuación de 5 sobre 10. Estas probas supoñen o 100% da nota.

Considerase que un alumno está en avaliación continua si se presenta a algunha das probas parciais .

Se un estudante suspende algunha das dúas probas parciais plantexadas, poderase presentar a convocatoria oficial de xaneiro ca proba suspensa, e se se presenta a de xullo se lle examinará da totalidade da materia.

Aqueles estudantes que optaran por a avaliación continua, en xaneiro serán avaliados por as notas obtidas nos exámenes realizados. Se non seguiu a avaliación continua será calificado ca nota que sacara no examen.

Esta guía e orientativa e esta suxeta a modificacións se o longo do curso se estiman necesarias.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

O'Donoghue, Donncha, **Financial accounting for the hospitality, tourism, leisure and event sectors**, Orpen Press, 2015

Bibliografía Complementaria

LÓPEZ,D.;ORTA,M.;SIERRA,G., **Introducción a la contabilidad y al análisis financiero**, Pirámide,
SEGOVIA SAN JUAN,A., **Contabilidad básica adaptada al nuevo plan general de contabilidad**, Ramón Areces,
MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA, **Pan General de Contabilidad**, B.O.E.,
URIAS VALIENTE,J., **Introducción a la Contabilidad**, Ediciones Académicas,
DOMINGUEZ CASADO,J., **Introducción a la Contabilidad Financiera I**, Ediciones Pirámide,
MUÑOZ MARCHANTE, A., **Prácticas de Introducción a la Contabilidad**, Ediciones Axadémicas,
ACEDO MUÑOZ, G, **Contabilidad General**, Anaya Formación,
MUÑOZ MERCHANT,A, **Introducción a la Contabilidad**, Ediciones Académicas,

Atkinson, H., Berry, A., & Jarvis, R, **Business accounting for hospitality and tourism**, Chapman & Hall, 1995

Camacho-Miñano, M.; Akpinar, M.; Rivero-Menéndez, M.J.; Urquía-Grances, E. and Eskola, A., **Beyond Figures: Introduction to Financial Accounting: European Financial Accounting Manual**, Pirámide, 2012

Recomendacións

Outros comentarios

Requírense coñecementos informáticos a nivel de usuario, fundamentalmente un procesador de textos e manexo de folla de cálculo. Manexo de internet para a busca de información e bases de datos.

Nota: esta guía docente anticipa as liñas de actuación para o desenvolvemento desta materia, e concíbese de forma flexible, en consecuencia, pode requirir axustes ao longo do curso académico. Achegaráselle ao alumno a información e pautas que sexan necesarias en cada momento ao longo do curso académico.

Plan de Continxencias

Descrición

Por causas derivadas de situacións vinculadas con posibles restricións por causas sanitarias ou similares, esta guía contempla as modificacións para os seguintes escenarios

MODALIDADE MIXTA

- As clases serán impartidas presencialmente e de forma online a través de Campus Remoto e co apoio da plataforma Faitic seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Respetarase a metodoloxía e avaliación recollida nesta guía.

MODALIDADE NON PRESENCIAL

- As clases serán impartidas de forma presencial a través de Campus Remoto e co apoio da plataforma Faitic seguindo as directrices establecidas pola UVigo. Respetarase a metodoloxía e avaliación recollida nesta guía utilizando as ferramentas dispoñibles.

TUTORIAS

As tutorias, en modalidade non presencial, faranse a través de correo electrónico ou en remoto.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I | | | |
| Código | 004G240V01102 | | | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego Inglés | | | |
| Departamento | Organización de empresas e márketing | | | |
| Coordinador/a | del Río Rama, María de la Cruz | | | |
| Profesorado | del Río Rama, María de la Cruz | | | |
| Correo-e | delrio@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Profúndase nos fundamentos teóricos que integran o sistema conceptual da Economía da Empresa. Subsistemas Funcionais da empresa (dirección, político, cultural, humano e técnico). | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B1 | Habilidades no manexo das TIC para a procura e uso da información |
| B3 | Capacidade para interpretar criticamente datos e texto |
| B5 | Capacidade de comunicación oral e escrita |
| B7 | Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual |
| B8 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| C1 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles. |
| C5 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos fundamentos da xestión de empresas turísticas: problemas económicos internos e interrelacións entre os distintos subsistemas |
| C11 | Identificar os procesos operativos en empresas turísticas. |
| D1 | Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos |
| D3 | Creatividade |

Resultados de aprendizaxe

| | | | |
|---|---------------------------------------|----------------|----------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
| Obter os coñecementos necesarios que lle capacitan para o desenvolvemento da actividade profesional no ámbito da Xestión de Empresas Turísticas | A1 | C1 C5 | |
| Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos | A2 | B3 B8 | C11 |
| Utilizar as Tics necesarias para o manexo e obtención de información e datos relevantes para a toma de decisións | A3 | B1 | |
| Manexar adecuadamente as capacidades adquiridas relacionadas co desenvolvemento das súas aptitudes, necesarias para exercer a profesión no sector turístico | A4 A5 | B5 B7 B8 | D1 D3 |

Contidos

| | |
|------|--|
| Tema | |
|------|--|

Breve descripción do contido: fundamentos teóricos que integran o sistema conceptual da Economía da Empresa. Subsistemas Funcionais da empresa (dirección, político, cultural, humano e técnico).

Estes contidos desenvólvense mediante o seguinte temario:

PARTE I: FUNDAMENTOS DA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 1: A EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 2: A CONTORNA DA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 3: A FUNCIÓN DE PLANIFICACIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .

PARTE II: ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS .

TEMA 4: A FUNCIÓN DE ORGANIZACIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 5: A FUNCIÓN DE DIRECCIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .

TEMA 6: A FUNCIÓN DE CONTROL NA EMPRESA TURÍSTICA .

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Resolución de problemas | 15 | 0 | 15 |
| Seminario | 3 | 0 | 3 |
| Lección maxistral | 29 | 0 | 29 |
| Traballo | 0 | 28 | 28 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 69 | 71 |
| Estudo de casos | 0 | 4 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|---|
| Resolución de problemas | Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral. |
| Seminario | Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |

Atención personalizada

Metodoloxías Descrición

| | |
|-----------|---|
| Seminario | Mecanismo non presencial de atención do alumnado (titorías): en todas as modalidades, presenciais ou non presenciais, as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia) baixo a modalidade de acordo previo. |
|-----------|---|

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---|---------------|---------------------------------------|----------------------------|-----------------|
| Traballo | Realización dun traballo autónomo en grupo. Elaborarase ao longo de todo o cuadrimestre e presentarase ao final do mesmo. | 25 | A1 A2 A3 A4 A5 | B1 B3 B5 B7 B8 | D1 D3 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Avaliación da asimilación de coñecementos | 70 | A1 | | C1 C5 C11 |
| Estudo de casos | Realización de dous casos prácticos ou análises de situacións. | 5 | A2 A4 | B1 B3 B5 | C1 C5 C11 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Avaliación non continua, cun exame final que incluíra contidos teórico e / ou práctico mediante preguntas que poden ser tipo test, curtas, de desenvolvemento ou estudos de casos. Esta proba é destinada a avaliar a comprensión dos conceptos adquiridos na materia, asumindo o 100% da nota, e avaliar así, tanto os conceptos de materia, como a claridade da exposición e a utilización gramatical e ortográfica correcta usados naquelas partes que o requiran. - Avaliación continua, a realización das actividades dependerá en gran medida do número de alumnos, medios para traballar en grupo, etc. Estas probas de avaliación continua estarán dirixidas a avaliar as actividades desenvolvidas polo alumno ao longo do desenvolvemento das clases, nas que se valorará a correcta realización das tarefas encomendadas, que poden incluír a resolución de cuestionarios, estudos de caso, traballos individuais ou en grupo, y la realización e exposición oral de traballos dalgúns dos temas acordado co profesor. Neste bloque presencial poderase valorar a participación do alumno. - As características concretas do exame final, tanto na avaliación continua (convocatoria de xullo) como na non continua, serán detalladas por parte dos profesores da materia (na clase e a través da plataforma Tema) con anticipación o mesmo e no marco dos prazos legais establecidos pola Universidade de Vigo. - Os estudantes para aprobar a materia deben obter por un u outro sistema de avaliación unha nota igual ou superior a 5 puntos, sendo obrigatorio en tódolos casos superar o exame final (ou os parciais en caso de ser ofertados). - En todos os exames será obrigatorio identificarse de forma oficial (DNI, pasaporte) e esta prohibida a tenencia de móbiles, smartphones, calquera outro dispositivo electrónico, mesmo cando estean apagado ou en repouso. Incumprir estas dúas condicións invalida a convocatoria para o cal este concorrendo. - Datas e horarios de probas de avaliación de diferentes chamadas especificáanse no programa de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2020-2021. No caso de conflito ou disparidade entre as datas das probas prevaleceran as sinaladas na web da FCETOU.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Inmaculada Martín Rojo, **Dirección y Gestión de Empresas del sector Turístico**, Ed. Pirámide, 2000

Raquel Arguedas y M^a Teresa Noguera, **Planificación, Dirección y Gestión Financiera de Empresas Turísticas**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2007

Bibliografía Complementaria

Eduardo Parra López; Francisco Calero García, **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**, Ed. McGraw Hill, 2006

Cristóbal Casanueva Rocha; Julio García del Junco; Francisco Javier Caro González, **Organización y Gestión de Empresas Turísticas**, Editorial Pirámide, 2000

Recomendacións

Outros comentarios

- Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que hai que levar a cabo co alumno na materia e está concibida dun xeito flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo destinatario real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, facilitarase aos estudantes información e orientacións específicas que sexan necesarias en todo momento do proceso de aprendizaxe.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías de ensino: as metodoloxías incluídas na guía para ensinar a materia na modalidade presencial (clase maxistral e estudo de caso) mantéñense se a materia se imparte tanto na modalidade mixta como non presencial. No caso da modalidade non presencial, a actividade docente impartirase a través do Campus Remoto da uvigo e a plataforma Fatic utilizarase como é habitual para proporcionar o material necesario aos estudantes.

* Mecanismo non presencial de atención do alumnado (titorías): en todas as modalidades, presenciais ou non presenciais, as sesións de tutoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia) baixo a modalidade de acordo previo.

* Bibliografía adicional para facilitar a autoaprendizaxe: facilitarase a través da plataforma de teledocencia Fatic.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

- Mantense a avaliación contida na guía para a modalidade presencial.
 - As probas realizaranse de xeito non presencial (en liña) a través das plataformas que a universidade habilita para este fin.
-

DATOS IDENTIFICATIVOS**Economía: Introducción á economía**

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Economía: Introducción á economía | | | |
| Código | O04G240V01103 | | | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | #EnglishFriendly Castelán Galego | | | |
| Departamento | Economía aplicada | | | |
| Coordinador/a | Molina Abrales, Antonio Pintos Clapés, Juan | | | |
| Profesorado | Molina Abrales, Antonio Pintos Clapés, Juan | | | |
| Correo-e | molina@uvigo.es jpc@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | <p>- A materia adecúase ó perfil profesional e académico ó contribuír á formación básica do alumno no campo da Economía, presente en numerosos aspectos no ámbito do desempeño profesional no sector turístico.</p> <p>- A materia ten 6 créditos ECTS e posúe carácter obrigatorio. Cúrsase en 1º no 1º cuadrimestre. Inicia ó alumno nos aspectos económicos fundamentais, con especial atención ao sector turístico . Ten claramente unha relación de complementariedade con outras materias deste Grao, como por exemplo: Economía Aplicada ao Turismo, Planificación Pública do Desenvolvemento Turístico, Comercio internacional e Turismo ou Fiscalidade de Empresas Turísticas.</p> <p>- Por unha banda, a materia analiza a conducta dos diversos axentes económicos que participan nos mercados. Por outra banda, presta atención ás principais variables macroeconómicas e ao impacto do Turismo nun contexto de economías abertas que participan no comercio internacional.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ó profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p> | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B2 | Ser capaz de analizar, sintetizar e administrar datos derivados das observacións usando os fundamentos técnicos cuantitativos e de predición |
| B3 | Capacidade para interpretar criticamente datos e texto |
| B5 | Capacidade de comunicación oral e escrita |
| B7 | Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual |
| B8 | Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado |
| B10 | Capacidade para tornar un problema empírico en obxecto de investigación e elaborar conclusións |
| C1 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles. |
| C2 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto de políticas públicas, estrutura e evolución dos mercados turísticos: relacións nacionais e internacionais. |
| C4 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística. |

| | |
|-----|---|
| C9 | Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística. |
| C10 | Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo |
| D5 | Motivación pola calidade |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---------------------------------------|----------------------|-----------|----|
| Ser capaz de interpretar a relación dos axentes económicos que participan no sector turístico. | A2 A3 | B2 B3 | C1 | |
| Posuír coñecementos acerca da evolución dos mercados turísticos. | A3 A4 A5 | B2 B3 B10 | C2 C9 | |
| Ser capaz de analizar os impactos das institucións no sector turístico usando fundamentos técnicos cuantitativos. | A1 A5 | B2 B3 B10 | C2 C10 | |
| Posuir coñecementos para realizar unha análise crítica de aspectos relativos ao sector turístico. | A1 A2 A4 | B3 B7 B8 B9 | C4 | D5 |
| Ser capaz de transmitir de maneira efectiva ideas sobre o funcionamento da economía tanto de forma escrita como oral. | A4 A5 | B5 B7 B8 | D5 | |

Contidos

| Tema | |
|--------------------------------------|--|
| Módulo A: Introducción | 1. Os dez principios de economía 2. Pensar como un economista 3. Ganancias derivadas do comercio internacional. |
| Módulo B: Cómo funcionan os mercados | 4. Oferta e demanda: As forzas do mercado. 5. Elasticidade e as súas aplicacións. 6. Os consumidores, os produtores e a eficiencia do mercado. 7. Fallos de mercado e intervención pública. |
| Módulo C: Os datos macroeconómicos | 8. O PIB e a Contabilidade Nacional. 9. Medición do custe da vida: o IPC. 10. A produción e o crecemento económico. 11. Conceptos básicos nunha economía aberta. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 26 | 52 | 78 |
| Resolución de problemas | 14 | 0 | 14 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 0 | 2 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 2 | 0 | 2 |
| Traballo | 1 | 40 | 41 |
| Práctica de laboratorio | 3 | 10 | 13 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------------|--|
| Lección maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e introducción de algunhas preguntas dirixidas ós estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |
| Resolución de problemas | Metodoloxía que permite ó alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistrais. Os obxectivos de esta técnica son: alcanzar unha maior competencias dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|

| | |
|-------------------------|---|
| Resolución de problemas | Nas clases de resolución de problemas, que se celebrarán nos grupos GM, se lle suministrarán ao alumno un boletín de exercicios ao inicio da sesión para a súa posterior resolución na aula. Hacia o final da clase, os estudantes resolverán os exercicios na pizarra coa axuda do profesor. O estudante poderá comentar ao profesor calquera dúbida que lle xurda mentras realiza os devanditos exercicios. |
|-------------------------|---|

| Probas | Descrición |
|-------------------------|---|
| Práctica de laboratorio | O estudante deberá facer unha práctica de laboratorio que será guiada polo profesor e que debe ser completada na clase. Aínda que non será imprescindible, o normal debería ser que o alumno acuda no horario de titorías establecido polo profesor coa intención de resolver as dúbidas sobre os pasos a seguir nas diversas tarefas da práctica. Neste sentido, o profesor habilitará un horario de 6 horas de titorías á semana que se publicará tanto na plataforma de Teledocencia Faitic como na páxina web da FCETOU ao comezo do curso. |

| Avaliación | | | | | | |
|---|--|---------------|---------------------------------------|---|-----------------------|----|
| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
| Exame de preguntas obxectivas | Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. | 35 | A1 A2 | B2 | C1 C2 C4 | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Proba escrita na que o alumno deberá solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo establecido polo profesor. Deste xeito, o alumno deberá aplicar os coñecementos adquiridos. | 35 | A3 A4 | B2 B5 B7 B10 | C1 C2 C9 C10 | D5 |
| Traballo | Os estudantes deberán ler un libro seleccionado polo profesor ao comezo do curso. A temática do libro estará relacionada cos contidos explicados nas sesións maxistras. Nembargantes, tamén se procura que as lecturas teñan un rol complementario, que poida aportar algún outro enfoque máis alá do estrictamente económico, como por exemplo no eido histórico, xurídico, político, sociolóxico, etc. A avaliación da lectura do libro farase mediante un ensaio sobre algún tema relevante do libro que o alumno deberá redactar na aula. Ademais dos contidos, avaliarase tamén a redacción en xeral. En particular, a capacidade de argumentación, cohesión no discurso, gramática e ortografía. | 20 | A3 A4 A5 | B2 B3 B5 B7 B8 B9 | C1 C2 C10 | D5 |
| Práctica de laboratorio | O estudantes (en grupos de dúas persoas) deberán realizar, unha práctica no laboratorio proposta polo profesor que consistirá na procura e análise de datos económicos. O principal obxectivo será redactar as conclusións máis relevantes. O traballo deberá presentarse a través da plataforma Faitic. | 10 | A3 A4 A5 | B2 B3 B5 B7 B8 B9 B10 | C9 | D5 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Edición de febreiro de 2021:

Haberá dúas posibilidades de avaliación:

Opción A: O estudante pode acollerse ao sistema de avaliación continua que se acaba de expoñer. **Entenderase que o alumno se acolle a este sistema de avaliación continua cando se presente a probas que en conxunto representen máis do 50% na nota final.** Anunciarase a principio de curso un cronograma donde aparecen as datas das distintas probas de avaliación continua.

Os alumnos que se acollan ao sistema de avaliación continua terán a obriga de colocar unha fotografía tipo carné en Faitic antes da primeira proba de avaliación e de acceder regularmente á plataforma de teledocencia, para estar así ao corrente das novidades que se produzan.

Opción B: O estudante que non se acolla o sistema de avaliación continua será avaliado mediante a realización dun examen final de carácter escrito na data oficialmente establecida coas seguintes ponderacións: proba de preguntas obxectivas (40%), proba de resolución de exercicios (40%) e exame do libro de lectura (20%).

Recuperación:

- Edición de xullo de 2021:

Novamente haberá dúas posibilidades de avaliación:

Opción A: Os estudantes que se acolleran ao sistema de avaliación continua poderán conservar as notas dos catro tipos de probas realizadas. Soamente poderán subir nota nas seguintes partes: Proba de preguntas obxectivas (35%), Proba de resolución de exercicios (35%) e/ou exame do libro de lectura (20%).

Opción B: Os alumnos que non se acolleran ao sistema de avaliación continua terán dereito a un exame final que abarcará unha proba de preguntas obxectivas (40%), unha proba de resolución de exercicios (40%) e un exame do libro de lectura (20%).

- Convocatoria Fin de Carreira:

O alumno que opte por examinarse en fin de carreira será avaliado unicamente cun exame teórico-práctico que valerá o 100% da nota.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes edicións son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso académico 2020-21. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que o alumno non realice o exame en cuestión.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Mankiw, N. Gregory, Taylor, M.P., **Economía**, Ediciones Paraninfo, 2017

Bibliografía Complementaria

Acemoglu, D., Laibson, D., List, J. A., **Economía. Un primer curso inspirado en el mundo real**, Antoni Bosch Editor, 2017

Acemoglu Daron y James A. Robinson, **Por qué fracasan los países**, Ediciones Deusto, 2012

Bernanke, B. S. e R. H. Frank, **Principios de Economía**, 3ª edición, Mc Graw-Hill, 2007

Castejón, Rafael, Ester Méndez, Juan Luis Martínez y Amelia Pérez, **Introducción a la Economía para Turismo**, Pearson, 2014

Krugman, P., R. Wells e M. Olney, **Fundamentos de Economía**, 3ª edición, Editorial Reverté, 2014

Mankiw, N. Gregory, **Principios de Economía**, 7ª edición, Cengage Learning, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Economía aplicada ao turismo/O04G240V01301

Turismo e desenvolvemento económico territorial/O04G240V01501

Comercio internacional e turismo/O04G240V01905

Outros comentarios

- Con carácter xeral, será necesario o uso de calculadora nas clases da materia e nos exames.

- Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular a clase. Neste sentido, recoméndase ao alumno o sistema de avaliación continua. Sen dúbida, a asistencia regular ás clases fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente máis baixa.

- Tamén é moi recomendable o traballo en grupo á hora de relizar os exercicios da materia xa que pode ser proveitoso intercambiar ideas sobre as dificultades atopadas; esta estratexia permitirá afondar nos coñecementos dos diversos temas.

Plan de Continxencias

Descrición

Ante o elevado nivel de incerteza debido á imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, establécense neste apartado uns planes alternativos. Dentro das limitacións existentes, preténdense anticipar algúns aspectos relevantes que atinxen ao desenvolvemento desta materia no caso de que se restrinxa a actividade docente presencial (modalidade mixta) ou se suspenda (modalidade online).

1) Modalidade mixta

1.1 Adaptación das metodoloxías

- Nas leccións maxistras e Resolución de problemas que se impartan de forma presencial procurárase incidir nos aspectos máis relevantes da materia e guiar aos estudantes na súa aprendizaxe autónoma fora da aula. Tamén se fará fincapé naqueles contidos que poidan revestir unha maior complexidade, coa previsión de alixerar a carga do proceso de aprendizaxe.

- A metodoloxía anterior podería ser complementada con actividade docente no Campus Remoto e co uso da plataforma de Teledocencia Faitic como reforzo.

1.2 Avaliación

Nesta sección descríbense os cambios respecto ao escrito nos apartados desta guía: Avaliación e Outros comentarios sobre a Avaliación.

Os exames serán presenciais salvo que as autoridades académicas estipulen o contrario. Todos os alumnos en cada opción serán avaliados da mesma forma. De ser necesaria a avaliación virtual, levaríase a cabo mediante o Campus Remoto e/ou Faitic.

- Febreiro 2021:

Opción A:

No caso de que se suspendera a avaliación presencial e o alumno xa se avaliara dalgunha proba presencial parcial, manteríase a súa cualificación coa respectiva ponderación.

No caso de que a avaliación fose virtual, contéplase o seguinte cambio no esquema de avaliación inicial (o resto permanecería igual):

A parte de Exame de preguntas obxectivas (35%) podería substituírse por outras modalidades de avaliación. Para o devandito peso do 35% (ou para o que restase por avaliar) poderíanse empregar as modalidades Exame de preguntas de desenvolvemento e/ou Exame oral.

Opción B:

No caso de que a avaliación fose virtual, poderíase aplicar o cambio na modalidade de avaliación Exame de preguntas obxectivas (40%) comentado na opción A.

Recuperación:

- Xullo 2021

Tanto na Opción A como na opción B poderíase aplicar o cambio na modalidade de avaliación Exame de preguntas obxectivas previsto arriba.

1.3 Titorías

Os estudantes poderían ser atendidos no despacho virtual do profesor no Campus Remoto. Sería necesario a concertación previa vía correo electrónico.

2) Modalidade online

2.1 Adaptación das metodoloxías

A actividade docente impartiríase mediante o Campus Remoto e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

O profesor facilitaríase mediante a plataforma de teledocencia Faitic guías de apoio basadas na referencia que se especifica na Bibliografía básica e materiais didácticos para facilitar o traballo autónomo por parte do alumnado, en previsión de problemas de conciliación e/ou conectividade.

2.2 Avaliación

Igual que no apartado 1.2.

2.3 Titorías

Igual que no apartado 1.3.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xeografía: O turismo no mundo actual**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Xeografía: O turismo no mundo actual | | | |
| Código | O04G240V01104 | | | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Historia, arte e xeografía | | | |
| Coordinador/a | Díaz Fernández, José Antonio | | | |
| Profesorado | Díaz Fernández, José Antonio | | | |
| Correo-e | tonydiaz@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
